



## **CONCELLO DE POIO**

Praza do Mosteiro núm. 1.  
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E DOUS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e catro minutos do vinte e nove de outubro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Angel Moldes Martínez, M<sup>a</sup> Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez así como as concelleiras D<sup>a</sup>. Silvia Diaz Iglesias e M<sup>a</sup> Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3855.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DE 25/09/2013.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, doo 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta anterior do 25/09/2013 e non formulándose alegación ningunha contra a mesma esta queda aprobada por unanimidade.

3856.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3850.- OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS CON RELACIÓN AOS DTOS REFERENTES AO 2º TRIMESTRES DO EXERCICIO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3851.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN AO REXEITAMENTO AGRESIÓN IMPERIALISTA EN SIRIA E EXIXIR QUE O ESTADO ESPAÑOL NON INTERVEÑA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia da Xunta de Galicia; 3852.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE LUME E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA INCENDIOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Consellería do Medio Rural e do Mar; 3853.- DAR CONTA

DO ACORDO NÚMERO 11498 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2013, FESTAS LOCAIS 2014.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Consellería de Traballo e Benestar; 3854.- CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Consellería de Traballo e Benestar. ”.

A Corporación dáse por enterada.

3857.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta aos asistentes das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día; a corporación dáse por enterada.

3858.- PROPOSTA APROBACIÓN SEGUNDA ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO E AS TESTADAS.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, do informe da Intervención Municipal de data 10 de outubro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 10 de outubro de 2013 que, textualmente, di o seguinte: “Ante a remisión vía correo electrónico o pasado 2 de outubro por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Augas de Galicia, dunha segunda Addenda o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o Organismo Autónomo Augas de Galicia, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Poio para a execución de actuacións de saneamento en San Martiño e As Testadas no Concello de Poio.

Sendo o contido da mencionada Addenda basicamente a modificación das cláusulas referentes o réxime de financiamento e prazo de vixencia do Convenio (cláusula terceira e sétima). O importe total do proxecto non varía: 1.092.787,21€; desta contía, segundo o establecido na cláusula terceira da segunda addenda, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos aportaría o 50% (546.393,60€, non variando esta aportación) en dúas anualidades a razón de 188.708,25€ en 2012 e 357.685,36€ en 2013; por outra parte o Concello de Poio aportará o 50% restante (546.393,60€, non variando esta aportación) en dúas anualidades a razón de 273.196,80€ en 2013 e 273.196,80€ en 2014.

Por outra parte, segundo establece a cláusula sétima da segunda Addenda, o prazo de vixencia se amplía ata o 31 de decembro de 2014.

Coñecido o contido do informe de Intervención de data 10 de outubro SE PROPÓN:

Primeiro: prestar aprobación a segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o Organismo Autónomo Augas de Galicia, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Poio para a execución de actuacións de saneamento en San Martiño e As Testadas no Concello de Poio.”

A interventora explica o contido do mesmo indicando que dito convenio asinouse no mes de outubro de 2010 e fixébanse contias para os

anos 2011 e 2012. Posteriormente o día 14 de novembro de 2011 a Xunta de Goberno Local presta aprobación a unha primeira Addenda ao Convenio na que se modifica o réxime de financiamento para aos anos 2012 e 2013 e o día 2 de outubro de 2013 se recibe unha segunda Addenda ao Convenio onde se propón a modificación das cláusulas terceira e sétima en canto ao réxime de financiamento e o prazo de vixencia do Convenio. Prevese que a obra termine na última parte do ano pero hai que modificar as aportacións do ano 2013 e 2014.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno prestar aprobación a segunda Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o Organismo Autónomo Augas de Galicia, a empresa pública de Obras e Servicios Hidráulicos e o Concello de Poio para a execución de actuacións de saneamento en San Martiño e As Testadas no Concello de Poio".

Non suscitándose debate ningún e unha vez sometido á votación o dime emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de outubro de 2013 este quedou aprobado polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación á segunda addenda Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, o Organismo Autónoma Augas de Galicia, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Poio para a execución de actuacións de saneamento en San Martiño e As Testadas no Concello de Poio.

**Segundo:** Remitir o presente acordo á entidade pública empresarial Augas de Galicia con indicación de que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto,

consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3859.- INTERVENCIÓN-TESOUSERÍA, INFORME SOBRE A LEI 15/2010, DE 05 DE XULLO DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- 3º TRIMESTRE.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 8 de outubro de 2013 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da interventora municipal da conta do contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 3º trimestre do exercicio 2013 (30 de setembro), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de xullo de 2013, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas no día da data, infórmase que ascenden a 34 facturas e a un importe total de 71.585,39 €.

O apartado segundo establece que segundo o informe que se xunta, non existen facturas aprobadas que se atopen a 30 de setembro de 2013 pendentes de abono por un prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable; por outra parte, as pendentes de pago dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 25 facturas e a unha cantidade de 10,179,25 € .

Non obstante existen facturas pendentes de aprobación, rexistradas con data anterior ao 30 de agosto de 2013, que ascenden a un total de 503.943,49 €, o cal quere ser exposto aos efectos oportunos tal como se expón dende a Intervención Municipal cando, con carácter mensual, se emite o correspondente requerimento a Alñcaldía relativo as facturas que se atopan nesta situación pendentes de recoñecemento por un prazo superior a un mes.

Ademais os pagos realizados no terceiro trimestre do exercicio 2013 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro de 2013, a un total de 271 facturas e a unha cantidade total de 356.110,32 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro, a un total de 167 facturas e a unha cantidade total de 413.823,62 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido pola Intervención Municipal e Tesourería Xeral en cumprimento da

Lei 15/2010, do 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade do terceiro trimestre 2013 debendo darse traslado do seu contido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten a atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3860.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de Deportes e Festexos do Concello de Poio de data 3 de outubro de 2013, da solicitude da Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade de data 20 de setembro de 2013, do Informe da Intervención Municipal de data 4 de outubro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 7 de outubro de 2013 que, textualmente, di o seguinte: " Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio, coñecido o contido das propostas da concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade de 20 de setembro e da concelleira delegada de Deportes e Festexos Margarita Caldas Moreira de data 3 de outubro, relativas, a primeira delas a supresión de dúas subvencións nominativas das previstas no Orzamento deste exercicio 2013 por importes de 225€ e 890€, e a segunda, consistente nun cambio na finalidade da subvención nominativa consignada por importe de 900€ para a festa de Raxó.

Coñecido o contido do informe de Intervención de data 4 de outubro, **PROPÓN:**

Modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co Orzamento do presente exercicio 2013, co fin de:

Primeiro: suprimir as subvencións nominativas previstas para o Club de Leones coa finalidade de "Subvención a ONG para colaboración coa súa actividade" por importe de 225€ e Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai coa finalidade "Programa "Vacacións en paz" por importe de 890€.

Segundo: destinar o crédito relativo a estas dúas subvencións, que ascende o total de 1.115€ o programa de Emerxencia Social.

Terceiro: variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900€, para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pase a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€ e sendo os beneficiarios a AAVV A Laxe, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello."

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 5 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de outubro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Modificar o anexo subvencións nominativas aprobado, xunto co orzamento do presente exercicio 2013.

**Segundo:** Suprimir as subvencións nominativas previstas para o Club de Leones coa finalidade de "Subvención a ONG para colaboración coa súa actividade" por importe de 225€ e Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharai coa finalidade "Programa "Vacacións en paz" por importe de 890€.

**Terceiro:** Destinar o crédito relativo a estas dúas subvencións, que ascende o total de 1.115€ o programa de Emerxencia Social.

**Cuarto:** Variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900€, para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pase a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€ e sendo os beneficiarios a AAVV A Laxe, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello.

3861.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 16/2013, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da Memoria e Providencia da Alcaldía de data 3 de outubro de 2013, do informe da interventora municipal de data 7 de outubro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 8 de outubro de 2013 que, textualmente di o seguinte: " Visto o expediente proposto, consistente nunha modificación orzamentaria, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, derivado da existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para o que non existe crédito no vixente Orzamento do exercicio 2013, segundo queda xustificado na Memoria que se xunta ó presente expediente de data 3 de outubro de 2013.

Visto o informe emitido pola interventora municipal de data 7 de outubro de 2013.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria de Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados

**PROPOÑO :**

**Primeiro.-** proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº16/2013, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 15.000€.

**Segundo:** que se someta ao trámite de información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable."

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que existen gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte na aplicación 931.22708 "Política económica e fiscal. Servizos de recadación a favor da entidade", para o que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento do exercicio 2013, segundo queda xustificado na Memoria que se xunta ao presente expediente, e debido a existencia de crédito non comprometido na aplicación 011.31000 "Débeda pública. Intereses", por un importe de 15.000 euros.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos catorce membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de outubro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación orzamentaria núm. 16/2013, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na memoria de Alcaldía por importe total de 15.000€.

**Segundo:** Someter o expediente ao trámite de información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de 15 días hábiles, de non presentarse alegación ou reclamación ningunha contra o mesmo entenderase aprobado definitivamente, todo isto de conformidade co establecido no Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

3862.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE OS MARCOS PRESUPUESTARIOS A MDIO PRAZO (2014-2016) AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente relativo á remisión da información sobre os Marcos Orzamentarios a medio prazo (período 2014-2016) solicitada a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto no artigo 6º da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, a cal foi rendida a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais antes da data límite 1 de outubro de 2013. e do Decreto da Alcaldía de data 26 de setembro de 2013, onde se aproban,

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación dáse por enterada.

3863.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EJERCICIO 2014 E REVISIÓN RETRIBUCIÓN ECONÓMICA CONCESIÓN DE SERVICIOS DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “ Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do expediente, do escrito da empresa Aquagest, concesionaria da xestión indirecta do servizo público municipal de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, de data 1 de outubro de 2013 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 2 de outubro de 2013, na que solicita que se aprobe a nova retribución do concesionario para o ano 2014, cun aumento de un 2,85% para a retribución

de auga e un -5,94% para a retribución de saneamento e se revisen, aproben e publiquen as novas tarifas do Servizo Municipal de Auga e Sumidoiros do Concello de Poio, para a súa aplicación ao 1 de xaneiro do ano 2014.

Dáse conta do informe de Intervención Municipal de data 18 de outubro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 17 de outubro de 2013 que textualmente di o seguinte:

"**ASUNTO:** revisión da retribución económica da empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga e do servizo de saneamento no Concello de Poio, Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de agua S.A, para o exercicio 2014 e modificación das Ordenanzas Fiscais reguladoras das taxas por: a prestación do servizo de abastecemento de auga, a prestación do servizo de saneamento, a prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbano, a prestación do servizo de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e da taxa por a prestación do servizo de análise e inspección de vertidos.

Con relación a prestación dos servizos de abastecemento de auga e do servizo de saneamento se propón a revisión da retribución económica da empresa concesionaria dos servizos para o vindeiro exercicio 2014 e a modificación das Ordenanzas Fiscais por os motivos que a continuación se expoñen: (adxúntanse como anexos a esta proposta as novas tarifas que se propoñen en cada un dos apartados).

**Primeiro: Servizo de Subministro de Auga:** a cláusula 37.4) do Contrato Administrativo de Xestión do Servizo Público de Abastecemento de Auga Potable, Mantemento da Rede de Saneamento e Depuración de Augas Residuais, na modalidade de concesión administrativo suscrito coa empresa Sociedade Ferrovial Servicios S.A. (agora Aquagest) regula a revisión mínima obrigatoria de prezos que anualmente se levará a cabo co fin de garantir o equilibrio económico da concesión.

Os índices propostos son os seguintes:

Hr= o último índice de prezos da man de obra, publicado no B.O.E nº37 de 12 de febreiro de 2013, foi para o mes de xuño de 2012 e ten un valor de 387,17€.

Lr= prezo enerxía: en virtude da última resolución publicada, Resolución de 24 de setembro de 2013 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se revisa o custo de produción da enerxía eléctrica e das tarifas de último recurso a aplicar a partir do 1 de outubro de 2013 é de 0,130485€/kWh.

Vr= gastos xerais e n base a o IPC interanual dende decembro de 1997 ata agosto de 2013: 152,70%.

PAr= prezo auga Pontevedra: segundo a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga do Concello de Pontevedra, publicada no BOP nº247 de 27 de decembro de 2012 establece un custo de venda de auga aos concellos limítrofes de 0,1790€/m3 para o ano 2013.

**O incremento nas retribucións do concesionario proposto segundo as pautas reguladas no mencionado Contrato ascende ao 1,21% para o vindeiro exercicio 2014.**

**Por outra parte, en canto a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento, o incremento de tarifas para os usuarios que se propón ascende tamén o 1,21%.**



Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

**Segundo: Servizo de Saneamento de Auga.:** segundo a mesma cláusula 37.4) do Contrato Administrativo de Xestión do Servizo regúlase o coeficiente de **revisión de prezos para o concesionario, aplicado tamén ao servizo de saneamento, por o que se propón unha redución do 9,07% para o vindeiro exercicio 2014**

Os índices propostos para acadar esta variación son:

Hr= o último índice de prezos da man de obra, publicado no B.O.E nº37 de 12 de febreiro de 2013, foi para o mes de xuño de 2012 e ten un valor de 387,17€.

Lr= prezo enerxía: en virtude da última resolución publicada, Resolución de 24 de setembro de 2013 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se revisa o custo de produción da enerxía eléctrica e das tarifas de último recurso a aplicar a partir do 1 de outubro de 2013 é de 0,130485€/kWh.

Vr= gastos xerais en base a o IPC interanual dende decembro de 1997 ata o último publicado de agosto de 2013: 152,70%.

**Por outra parte, en canto a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento, o incremento de tarifas para os usuarios que se propón ascende o 1%** en virtude de que, nos pasados exercicios 2009 e 2010 non se modificaron as tarifas a cobrar aos usuarios para os exercicios 2010 e 2011 (aínda que si se procederon a revisar os prezos da empresa concesionaria Aquagest, en canto ao servizo de abastecemento de auga nunha porcentaxe do 1,89% para o exercicio 2010 e do 0,83% para o exercicio 2011 e, en canto ao servizo de saneamento nunha porcentaxe do 12,68% para o exercicio 2010 e do 2,73% para o exercicio 2011) asumindo o Concello eses incrementos con cargo os seus fondos propios. No estudo presentado pola empresa concesionaria dos servizos, xunto coa solicitude de incremento de tarifas, se estima un importe total asumido polo Concello de Poio nos anos comprendidos entre 2010 a 2013 que ascende a uns 492.000€ polo que o incremento de tarifas no servizo de saneamento se propón no 1% para o vindeiro exercicio 2014 co fin de regularizar (en parte) o desfase existente.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

Con relación a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos se propón a modificación das Ordenanzas Fiscais por os motivos que a continuación se expoñen: (adxúntanse como anexos a esta proposta as novas tarifas que se propoñen en cada un dos apartados):

**Terceiro: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida de Lixo:** propónse un incremento nas tarifas debido a o elevado custo dos servizos que non é cuberto cos importes recadados en concepto de Taxas en virtude dos mesmos. **O incremento proposto nas tarifas relativas o servizo de recollida de lixo é do 1% excepto para o grupo B "Grandes superficies comerciais, superficie superior a 1000m<sup>2</sup>" onde se propón modificar a tarifa de 22,46€/trimestre por cada 100m<sup>2</sup> ou fracción a 23€/trimestre por cada 100m<sup>2</sup> ou fracción** en virtude dos resultados obtidos do informe emitido pola empresa Lagares Oca S.L no presente exercicio 2013 relativo a excesiva produción de residuos no

Concello de Poio.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

**Cuarto: Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Tratamento e eliminación de Lixo:** propónse un incremento nas tarifas debido a o elevado custo dos servizos que non é cuberto cos importes recadados en concepto de Taxa en virtude dos mesmos. **O incremento proposto nas tarifas do servizo de recollida de lixo é do 1% excepto para o grupo B "Grandes superficies comerciais, superficie superior a 1000m<sup>2</sup>" onde se propón modificar a tarifa do seguinte xeito:**

- a) Cada 100m<sup>2</sup> ou fracción ata 5.000m<sup>2</sup>: 27€/trimestre
- b) Cada 100m<sup>2</sup> ou fracción adicionais que excedan de 5.000m<sup>2</sup>: 100€/trimestre.

Esta variación se propón en virtude dos resultados obtidos do informe emitido pola empresa Lagares Oca S.L no presente exercicio 2013 relativo a excesiva produción de residuos no Concello de Poio.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014.

**Quinto: Taxa de análise de vertidos e inspección de augas:** con relación a modificación das tarifas o incremento proposto no servizo de recollida de lixo é do 0,30% que coincide co IPC interanual de setembro de 2012 a setembro de 2013.

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2014."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que o incremento nas retribucións do concesionario proposto ascende ao 1,21% polo servizo de abastecemento de auga e do 1% polo servizo de saneamento e de recollida, tratamento e eliminación de lixo excepto para o Grupo B "Grandes superficies comerciais, superficie superior a 1000 m<sup>2</sup>" nestas últimas que van ter outras tarifas.

Solicitouse un estudo á empresa Lagares Oca S.L. pola excesiva produción de residuos no Concello de Poio dando como resultado que empresas como Froiz teñen unha excesiva produción de lixo e falando con eles douselle a oportunidade de que realicen eles mesmos a recollida e traslado ou que reduzan o lixo.

Tamén se falou coas empresas Pescamar e depuradora de Campelo xa que votaban aos contedores a conchilla do marisco, aínda que se falou con eles para que non a depositen nos contedores, hai orde de non recollela e espero que a cumpran e non se teña que crear outro grupo para eles.

Tamén no mes pasado plantexouse pasar os recibos cada dous meses por eso de ser máis levadeiro que cada tres meses.

O Sr. Moldes Martínez di que o P.P. Entende que os impostos hai que pagalos para facer servizos pero pagamos máis que en outros lados. Entendemos que a suba do IPC si pero temos impostos máis elevados hai que buscar outro tipo de solucións.

Desde o P.P. preguntamos ao Pleno polo tema das altas Plusvalías do Concello e polo tema do ORAL en canto ao fraccionamento da urbana.

O P.P. está en contra de esta suba e deberíamos revisar todos os servizos xa que pagamos máis impostos que noutros Concellos.

Neste momento auséntase do salón de sesións a concelleira D<sup>a</sup> Margarita Caldas Moreira.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que o coste por tonelada de lixo está en 125 euros neste Concello e non se está facendo en base ao persoal senón en base ás características deste Concello, para recoller lixo neste Concello fanse moitos kilómetros máis e eso é a diferenza de coste brutal e Sogama quere subir para o ano un 25%. Pódese facer moito mellor pero non máis barato.

Houbo unha suba moi grande co tema do canon do saneamento que vos aprobástedes e que se espera outra.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto cos proposta de modificación do período trimestral das tarifas a cobrar polos mencionados servizos pasando a ter carácter bimestral e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde o que pon en coñecemento dos membros presentes na sesión que o día 28 de outubro de 2013 presentouse escrito dos distintos colectivos veciñais de Poio para intervir no debate da sesión plenaria e segundo establece o regulamento orgánico municipal establécense dous minutos de intervención ao representante.

A continuación, toma a palabra o que di ser representante lexitimado dos colectivos veciñais solicitando información en relación a subida das taxas municipais, que se soben todos os anos de forma sistemática, preguntando igualmente porque non se consulta ou se convoca aos representantes dos veciños para darlle traslado das intencións do equipo de goberno tal e como establece o regulamento, manifestando igualmente que Poio ten unhas taxas pola prestación de servizos demasiado altas facendo unha comparativa con outros concellos como pode ser Sanxenxo.

Unha vez rematada a intervención establecida, toma novamente a palabra o Sr. Alcalde quen explica que a pesar de que o regulamento efectivamente establece, a obrigatoriedade de realizar unha reunión previa coas asociacións, esta non se fai. Non é novidade, cando se dí que soamente se incrementan aquelas taxas na que se prestan servizos, xa que o resto de ordenanzas non se modifican desde hai anos, pódese dicir que están conxeladas.

A proposta que aquí presentamos consideramos que é sensata cun incremento inferior ao IPC, supoñendo entre o 1 e o 1,8% anual. Aínda que a veciñanza verá incrementado o seu recibo un 35%, xa que o concello ten que recadar a parte do canon da Xunta e os veciños pensaran que esta suba é do concello pero nada máis lonxe, nos recadamos e ingresámolo nas arcas da Xunta.

Nos queremos prestar un servizo de calidade aos veciños e non cremos que esta suba sexa desproporcionada, de feito o concello afronta todos estes gastos sen apenas axudas doutras administracións xa que cada ano rebaixanonlas máis.

A continuación, toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián manifestando que na comisión de facenda déronse datos claros e concisos que demostran que se trata dunha proposta viable e asumible polas familias.

Destacar, que imos propoñer que se deixe pendente a aprobación da actualización do canon de tratamento de lixo, xa que acabamos de recibir escrito de proposta de subida de 35% o que supón que a Xunta pase a

cobrar 82 € de 61 € que cobraba. Pero parece que nin a Xunta nin ao PP lle importa que os veciños paguen, sen mais limitanse a remitir unha carta e nin a motivan. Destacar que é un incremento por parte da Xunta que nós esperabamos pero parécenos de moi mal gusto, incluso se pode tachar de gamberrada que o fagan a estas alturas do exercicio cando moitos concellos xa temos todo preparado para aprobar, e algúns xa as teñen aprobadas, porque para que poidan entrar en vigor teñen que estar aprobadas e publicadas a 31 de decembro, por iso necesitamos tempo para estudar a proposta e ver a viabilidade, o mais probable será que se convoque un pleno extraordinario para a semana que ven.

O PP critica as subidas que o Concello realiza das taxas municipais aínda que sexa inferior ao IPC, pero non di nada cando SOGAMA regulariza os prezos en función do IPC incremento que temos que asumir, desde o ano 2000 ata hoxe supón unha porcentaxe altísima (35%).

Nos cobramos servizos que prestamos, se cobramos auga e porque a subministramos ás familias, en cambio a Xunta cobra un canon que non sabemos o motivo.

Parece que a ninguén lle preocupa a suba de impostos que realiza a Xunta, cando falamos de vehículos, actos xurídicos documentados, todos pagamos este tipo de impostos, pero ninguén lle protesta ao Sr. Feijoo, en cambio si protestan por unha subida que supón un 1%. Subidas que realiza o Concello de Poio en relación ao IPC e en case todas as ocasións inferiores.

O que temos claro é que as subidas de SOGAMA son porque esta empresa está en quebra porque hai concellos que non pagan. Ao mellor o que lles interesa ao PP e que non subamos impostos e non poder afrontar os pagamentos e así ir tamén nos a quebra.

O Concello de Poio é viable e nos facemos as cousas con sentido subindo unicamente tres taxas de vinte que temos.

A continuación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista, Sra. Besada Lores dando a benvida aos veciños que están na sesión, facía tempo que non se realizaba unha sesión plenaria con tanto público e manifesta que como parte do equipo de goberno van a apoiar a proposta que se presenta de incremento das taxas sendo unha medida necesaria polo déficit creado.

Sabemos que estamos nunha situación de crise e que as familias lles costa chegar a fin de mes, pero consideramos que non se trata dunhas subidas tan cuantiosas para convocar aos veciños, aínda que se así o dispón o regulamento deberíámolo haber feito.

Parécennos excesivas as críticas pola subida xa que hai outros concellos que a cuatriplican, tampouco considero que teñamos uns impostos tan altos, recordar que o IBI esta nun 0,50 por Decreto de Rajoy e hai concellos que o teñen nun 0,60.

Se queremos servizos temos que equiparar o custo coa prestación. E desde aquí quero facer un chamamento a iniciativa que se vai realizar o día 30 as 19 horas en todos os concellos de ABRAZA O TEU CONCELLO cunha cadea humana.

A continuación toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o Sr. Moldes Martinez no que nun primeiro lugar saúda ao público asistente e a continuación comeza súa intervención manifestando o goberno motiva ou argumenta a subida por SOGAMA pero esta subida tramitouse antes da comunicación oficial.

Noutros concellos a subida é moito inferior e tamén teñen que

asumir o incremento da Xunta, pero non se poden facer comparacións porque noutros concellos fan diferenciación entre zonas rurais e urbanas e nada que dicir dos medios tecnolóxicos que teñen varredoras, limpeza de colectores, camións de última...

O canon da auga págase en todos os concellos e dicimos que temos un servizo de calidade, incrementamos as taxas pero roturas segue habendo as mesmas, e con mais avarias que outros.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALON DE SESIONS O CONCELEIRO D. JAVIER DOMINGUEZ LINO.

Ao mellor hai que realizar unha nova licitación e non prorrogar outra vez o contrato, hai que incorporar na nova contratación novas melloras no servizo e o que temos que facer e sentarnos e dialogar e negociar cos veciños para que se realicen propostas, isto hai que facelo sempre non soamente cando queren que se manifesten contra o PP.

Estamos en desacordo coa proposta non pola subida en si senón porque os veciños pagan mais que outros concellos e o servizo non é mellor.

Toma a palabra novamente o Sr. Barreiro Lubian que agradece ao voceiro do grupo municipal que lle dea a razón cando di que SOGAMA comunicou tan so fai uns días a modificación que pretende non dando marxe para estudo, por iso hai que retirar o seu tratamento do pleno.

Non nos podemos comparar con outros concellos iso é evidente, xa que hai concellos que non cobran a recollida de lixo, outros cobran 30 € , gustaríame saber como fan para afrontar os 82 €.

Senón se renovou o contrato de recollida de lixo foi porque estivemos esperando ao que prometeu a Deputación de Pontevedra de prestar un servizo por 60 €, pero tiña truco, pero estamos traballando niso e ao mellor traemos o prego para aprobar na vindeira sesión.

Aquí veñen a defender os dereitos dos veciños de Poio pero non os defenden diante da Xunta cando estes soben os impostos que lles afecta a toda a cidadanía.

E verdade, que hai roturas pero este equipo de goberno intenta poñerlle unha solución por iso as obras de ACUAES, que por certo ao PP non lle debe de gustar porque votou en contra, pasou cinco veces polo pleno dos cales 3 votaron en contra e 2 se abstiveron.

O Sr. Moldes Martinez di que non sempre votaron en contra, e o seu voto débese basicamente ao financiamento do mesmo, porque nos informes de intervención se poñía de manifesto da non existencia de crédito e que se computaba como carga financeira polo momento o concello non podería subscribir operación de crédito a longo prazo ningunha por si mesma.

Para rematar as intervencións toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que non é necesario dotar de crédito a aplicación xa que a obriga é no 2015 90000 € durante 25 anos.

Este tema sempre foi complicado nesta Corporación e para darlle unha saída encomendouse a SOGAMA antes as solucións ían en contra do medio ambiente, ardía no monte ou depositábase na Seca, nos cremos que a medida adoptada foi boa.

As obras de ACUAES estanse a facer aínda que non lles gusta ao PP, seguro que non querían unha solución, e se nos temos que aportar esas achegas é porque a Xunta non aportou a este proxecto. Farémonos cargo deste pago como nos facemos de outros iso que non o dubide ninguén.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, o alcalde somete a

votación ordinaria unha emenda para a retirada da orde do día, do punto da proposta ditaminada referida ás taxas reguladoras para a prestación dos servizos de recollida, tratamento e eliminación de lixo, producíndose o seguinte resultado: 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención.

A continuación o Presidente da Corporación someteu a votación ordinaria a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de outubro de 2013 que tras a emenda de retirada aprobada refírese aos puntos relativos á modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas por subministro de auga, saneamento de auga e vertidos e inspección de augas, e por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente as seguintes ordenanzas fiscais:

- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de saneamento de auga.
- Taxa de análises de vertidos e inspección de augas.

**Segundo:** Someter o expediente á información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal de maior tirada da provincia, de non presentarse alegación ningunha ou reclamación ás mesmas entenderanse definitivamente, de conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3864.- APERTURAS, APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DOS FURANCHOS/LOUREIROS DO CONCELLO DE POIO.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do proxecto de Ordenanza de regulación dos furanchos/loureiros no Concello de Poio, que consta de 26 artigos.

O Sr. Moldes Martínez di que desde o Partido Popular propoñemos que se debería de facer unha reunión coa asociación.

O Sr. Barreiro Lubián dille que a reunión xa a tiveron e plantexouse que ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade e con convivencia que poidan abrir dous furanchos pero no mesmo período de tempo.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se declarararán independentemente en cada caso.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que si, teñen que ter viñas a nome dos dous. Por último pensouse poñer unha taxa de aproximadamente 150 euros ao ano, previo informe da Intervención Municipal, en concepto de comprobación anual das condicións dos locais.

Por todo o anteriormente exposto, preséntase a seguinte **emenda**:

Poderán abrir dous furanchos en distintos locais pero que a titularidade sexa a nome de persoas que convivan na mesma unidade familiar ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade e as datas de apertura e peche da actividade, deberán ser as mesmas.

Poñer unha taxa de aproximadamente 150 euros ao ano, previo informe da Intervención Municipal, en concepto de comprobación anual das condicións dos locais.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente o proxecto de Ordenanza e a emenda presentada polo Sr. Presidente da Comisión e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

A continuación dáse conta do texto da ordenanza reguladora dos furanchos/loureiros do Concello de Poio e que é o seguinte: **“ORDENANZA: Pola que se establece a regulación dos furanchos/ loureiros no Concello de Poio**

### **TÍTULO PRELIMINAR**

Tendo o Concello personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, que lexítima o exercicio de competencia con respecto ás actividades que se desenvolven no seu termo municipal. En virtude desta autonomía local, ao abeiro do disposto nos artigos 25 e 84 da Lei 7/85 Reguladora das bases de Réxime Local e do Decreto 215/2012, de 8 de outubro da Consellería de Presidencia-Administracións Públicas e Xustiza, dítase esta ordenanza con obxecto de regulamentar o procedemento de intervención municipal sobre os establecementos abertos ao público de forma temporal denominados furanchos/ loureiros. Esta actividade tradicional no rural galego responde a unha tipoloxía que, polas súas características especiais, non ten encaixe na actual normativa, polo que procede a súa regulación específica diferenciada da actividade doutros establecementos de restauración. Tendo en conta que, ao tratarse de establecementos abertos ao público, aínda que de xeito temporal, pode incidirse na seguridade ou na saúde pública (84 bis 84 ter Lei 7/85 LBRL) o concello debe velar porque o local e a actividade cumpran as condicións de uso, seguridade, salubridade, accesibilidade, sanidade e outras necesarias para poder realizar esta actividade tradicional, vender mediante prezo os excedentes do viño elaborado para consumo propio acompañado ou non de comida elaborada.

### **TÍTULO I: Disposicións Xerais**

#### **Artigo 1º. - Obxecto**

A presente Ordenanza ten por obxecto regular as condicións e documentación para poder autorizar o local e a actividade de funcionamento dos locais denominados furanchos.

#### **Artigo 2º.- Definicións**

a) Furancho/ loureiro: Local situado na vivenda privada ou en

dependencia vinculada a esta, que poida ser susceptible de ter un uso de adega , tanto onde se elabore o viño ou onde se almacene

b) Actividade a realizar: o subministro directo (non embotellado) mediante prezo do viño procedente das viñas sitas en Poio ,excedente do consumo propio, que pode ir ou non acompañado de tapa/ pincho.

c) Titular: o que conste como titular das viñas, viticultor/explotador, no Rexistro Vitícola de Galicia.

d) Superficie de viña: Os viñedos deben estar ubicados en Poio, a superficie mínima de viñado necesaria para poder realizar a actividade de furancho :venda do excedente de viño do consumo propio é de 1.500 m2 esta superficie pode terse en propiedade ou arrendada, e debe constar no Rexistro Vitícola de Galicia como titular/viticultor/explotador,

## **TÍTULO II: Exercicio da Actividade**

### **CAPÍTULO I: Requisitos lo Local**

#### **Artigo 3º.- Requisitos dos locais.**

a) O local debe ser susceptible de ter un uso de adega, onde se faga o viño ou ben onde se almacene, cumprindo a normativa municipal e autonómica.

b) A dependencia ou construción auxiliar ten que estar na mesma finca que a casa principal. Excepto as edificacións agrícolas que sitas en solo rústico , cumbran o apartado a)

c) A superficie destinada ao público non pode ser superior aos 50 m2.

d) O aforo do local dependerá dos m2 (máximo 34 persoas)

e) Debe de ser accesible.

f) Debe contar con aseo (pode ser o aseo da vivenda).

g) Dispoñer de aparcamento (excepto en solo urbano)

h) Se elabora alimentos a cociña deberá cumprir as condicións que se indican no artigo 4º do Decreto 215/2012. O Concello poderá excepcionalmente algúns dos requisitos tendo en conta as características dos locais, superficie , aforo.

i) Non se autoriza a actividade ao aire libre, excepto que os veciños colindantes o autoricen /non se opoñan.

j) Os establecementos deberán estar debidamente acondicionados e ter as condicións de seguridade e salubridade requirida para esta actividade, contar con iluminación e ventilación suficiente.

k)Non se autoriza no local ningún aparato reprodutor de imaxe ou sonido , nin instalación musical ou audiovisual

l) O concello poderá exceptuar de algún dos requisitos as adegas tradicionais de pedra, tanto illadas como situadas en vivendas tradicionais, que teñan condicións arquitectónicas específicas tanto para a elaboración do viño como para a súa conservación .

### **CAPÍTULO II: Requisitos da Actividade**

#### **Artigo 4º.- Para o exercicio da actividade de venda de viño deberanse**



**cumprir os seguintes requisitos:**

**a)** Funcionamento máximo de tres meses no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de xuño de cada ano (carácter excepcional un mes máis) no caso de furanchos en distintos locais pero que a titularidade sexa a nome de persoas que convivan na mesma unidade familiar parentes ata 2º grado de consanguinidade , as datas de apertura e peche da actividade ,deberan ser as mesmas.

**b)** Horario días laborais: das 19:00 ás 24:00 horas; fins de semana e festivos das 12:00 ás 24:00 horas.

**c)** O viño sérvese directamente dos bocois ou cubas que obrigatoriamente teñen que estar no local (non embotellado)

**d)** O máximo excedente que se pode vender é 0,65 litros por m2 da superficie das viñas sitas en Poio.

**e)** Se se acompaña o viño con tapas/ pinchos, poden ser as seguintes:

- **Táboa de embutidos-Queixos**
- Pementos variedade Padrón
- **Orella-Chourizo**
- **Zorza-Lombo**
- Costela
- Ovos fritos
- Sardiñas ou xurelos á brasa
- **Callos con garavanzos ou fabas**
- **Tortilla de patacas**
- Empanada- Empanadillas
- Croquetas

( hai que escoller 5 )

O concello , mediante acordo ou resolución do Órgano competente , poderá ,si o piden as asociacións representativas do sector , modificar dun ano para outro as 5 tapas de entre o listado recollido no Decreto 215/2012

Si as cociñas non cumpren algunha condición da normativa , polas súas características ,ou pola súa situación ,o Concello poderá aprobar que o establecemento en concreto poida ofertar algunha outra diferente

**f)** Os usuarios poden levar comida xa elaborada por eles mesmos nas súas casas.

**g)** Con respecto á calidade e seguridade do produto/s que se venda, deberán ser aptos para o seu consumo e observar os requisitos sanitarios que indica o artigo 4º d) do Decreto 215/2012, Regl. 852/2004 CE do Parlamento do Consello de 29 de abril (hixiene dos produtos alimenticios), Real Decreto 3484/2000, de 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas. Respecto do viño que se consume, a Lei 2/2005 de 18 de febreiro de Promoción e Defensa da Calidade Alimentaria Galega o inclúe como alimento. A diferente regulación do viño indica as variedades que poden ser comercializadas. Con respecto a súa venda deberase observar a Lei 24/2003 de 10 de xullo, Reguladora da Viña e o Viño,o Decreto 256/2011 do 7 de Decembro pola que se regula o

potencial de produción agrícola e demais normativa de ámbito estatal e autonómico que se promulgue, a substitúa ou desenvolva.

**h)** Realizar análise do viño posto á venda, das cubas que figuran no local, indicando que é apto para o consumo

**i)** Nos furanchos esta prohibido fumar ,debedo cumprir as disposicións da lei 42/2010 que modifica a lei 28/2005 do 26 de decembro, medidas sanitarias fronte o tabaquismo

**j)** O Concello poderá solicitar se o considera necesario, inspeccións, informes doutras administracións, con competencias concorrentes, así como informes ou análises que considere pertinentes sempre por conta do furancheiro.

### **TÍTULO III: Licenzas**

#### **CAPÍTULO I: Licenza Local e de inicio de Actividade**

##### **Artigo 5º.- Licenza para apertura do local. ( modelo 1 Anexo )**

Como o local é un establecemento ,no que se desarrolla unha actividade suxeita a normas de seguridade , sanidade , e outras que poden afectar as persoas, concederase previa solicitude do interesado, dirixida ao Alcalde por algún dos medios recoñecidos polo procedemento administrativo. Instruído o procedemento, se expedirá, se procede, a autorización de apertura polo órgano competente. Documentación necesaria:

**a)** Se a vivenda ou construción auxiliar dispón de licenza urbanística:

- Memoria que indique: cumprimento dos requisitos desta ordenanza, do Decreto 215/2012, e, no caso de utilizar cociña para elaborar tapas, cumprimento da regulación sanitaria. De aplicación. Indicar: situación, descrición ,instalacións e condicións do local, situación castes e superficie mínima das viñas ( 1.500m2 ) requirida nesta Ordenanza para poder realizar a actividade , forma de almacenamento do viño (aceiro, madeira, número e capacidade das pipas, barrís, etc.)
- Planos do local nos que conste: situación da edificación, superficie local, distribución, altura, numero de pipas/barrís/cubas , situación no local e capacidade, cumprimento de accesibilidade, cumprimento DB de incendios,

**b)** Noutros supostos deberán aportar tamén certificado de seguridade e solidez do local, así como tramitar declaración de fora de ordenación se fose o procedente , ou outros que correspondan.

**c)** Fotocopia da documentación do interesado ou autorización expresa de consultar os seus datos Decreto 255/2008 de 23 de outubro de Simplificación e Tramitación de Procedementos Administrativos.

**d)** Título que acredite a disposición do local

##### **Artigo 6º.- Autorización inicio de actividade. ( modelo 1 Anexo )**

A autorización para a actividade de subministro de viño de excedente da colleita propia require fotocopia da seguinte documentación:

- a)** Documentación acreditativa de ter declaradas as viñas que o titular posúa ou arrende no concello de Poio, no rexistro vitivinícola da Consellería competente en materia de agricultura.
- b)** Documentación acreditativa de ter feito a preceptiva declaración de produción anual á consellería competente en materia de agricultura.
- c)** Documento que acredite ter subsrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil, así como o correspondente recibo de pagamento que acredite a súa vixencia, co seguinte contido:
  - Deberá cubrir os danos corporais, materiais e os prexuízos económicos que deriven do desenvolvemento da súa actividade e que cubra a contía mínima de 90.000 euros.
  - No suposto de que a póliza inclúa franquías, o límite máximo destas non poderá superar a cantidade de 120 euros.
  - Os titulares dos establecementos están obrigados en manter en permanente vixencia dita póliza. Para estes efectos, deberán presentar periodicamente os correspondentes xustificantes de pagamento que acrediten tal vixencia ante os servizos provinciais competentes en materia de turismo.
- d)** Indicar o excedente do consumo familiar que pon á venda, o seu prezo, e xustificación de que o viño posto á venda é apto para o consumo
- e)** Se elabora comida, indicar que tapas/pinchos ofertara (dentro das que se establecen nesta ordenanza). E o seu prezo
- f)** Dispoñer de carne de manipulador de alimentos
- g)** Indicar que meses de apertura (máximo tres) elixe entre o 1 de decembro e o 30 de xuño de cada ano.
- h)** Alta no IAE como vendedor de viño, produtor, ou outras similares con respecto actividade, nos meses que estea aberto o furancho.
- i)** Documento acreditativo do pagamento das taxas correspondentes, 150 euros que corresponden o custo dos servizos que presta o Concello

#### **Artigo 7º.- Cambios de titularidade.**

A titularidade dos furanchos pode transmitirse por calquera dos medios válidos en dereito, e debe ser comunicada ao Concello, xuntando a documentación que acredite o cambio de titular. ( modelo 3 Anexo ) Para poder exercer a actividade, o novo/a titular debe cumprir os requisitos do artigo 4º e presentar a documentación sinalada no artigo 6º. Tramitado o expediente de comprobación o órgano competente expedirá, se procede, a autorización para o exercicio da actividade no prazo máximo de tres meses, contados a partir da entrada no rexistro do Concello. Transcorrido ese prazos en que se teña expedida dita autorización, entenderase estimada, producíndose os efectos xurídicos que establece respecto aos actos presuntos (artigo 43 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común)

**Artigo 8º.- Carácter das autorizacións** As autorizacións serán persoais. Non obstante, poderán facer uso dela o conxuge ou fillos que estean

dados de alta no réxime da seguridade social agraria, e convivan na mesma unidade familiar.

Por razóns legais (artigo 14 apartado 2 do Decreto 215/2012) poderase decretar a baixa de oficio cando a Administración teña constancia de cesamento da actividade ao longo de dous anos sen causa xustificada ou cando o establecemento deixe de cumprir algún dos requisitos e condicións esixidos para realizar a actividade. Por razóns de interese público, as licenzas de actividade poden ser revocadas polo concello sen que dean lugar a indemnización ou compensación económica.

## **CAPÍTULO II: Renovación Anual da Actividade**

### **Artigo 9º.- Autorización de renovación anual e requisitos previos ao funcionamento.**

Obtida a licenza do local e de actividade, cada ano deberá renovarse a realización da actividade no furancho. Presentando con 15 días de antelación como mínimo a data de reapertura do furancho **DECLARACIÓN RESPONSABLE** de seguir cumprindo os requisitos da autorización concedida, da normativa municipal, autonómica ou calquera outra normativa sectorial que lles sexa de aplicación .cumprimentando o modelo n° 2 do Anexo, acompañando a documentación que se indica no artigo 6º b) c) d) e) g) h) i). No prazo máximo de tres meses, contados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación sen que se teña expedida a autorización, entenderase estimada, producíndose os efectos xurídicos que establece respecto aos actos presuntos o artigo 43 la Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se ingresase a taxa correspondente.

## **TÍTULO IV: Normas de funcionamento da actividade e obrigas dos titulares**

### **Artigo 10º.- Cambios e peche do establecemento que afecten ao Rexistro Municipal de Furanchos.**

Ademais das indicadas pola Ordenanza en artigos precedentes, estes establecementos estarán obrigados a:

- a) Notificar os cambios que afectan ao local.
- b) Notificar calquera cambio que afecte ao funcionamento da actividade.
- c) Notificar o cesamento definitivo da actividade no prazo de dez días contados con anterioridade á data prevista para o peche.
- d) Notificar os cambios de titularidade

Presentando documentación e cubrindo o modelo n° 3 do Anexo

**Artigo 11º.-Mantenemento do local :** Velar polo bo estado xeral das dependencias e do mantemento das instalacións e servizos do

establecemento e garantir un trato correcto aos clientes. Emitir xustificante de pagamento, dispoñer de follas de reclamación.

**Artigo 12º.-Informar aos consumidores e comunicar** ao Concello, antes da súa aplicación, os prezos dos servizos ofertados e exhibilos nun lugar visible de modo lexible, ,emitir xustificante de pago, e dispoñer de follas de reclamación ,así como calquera outra que conteña esta Ordenanza

**Artigo 13.- Identificación do furancho**, se identificará exhibindo nun lugar visible, un ramallo de loureiro co que tradicionalmente se identifican estes establecementos.

#### ***TÍTULO V: Rexistro Municipal de furanchos de Poio***

**Artigo 15º.-** Rexistro municipal de furanchos ,que será creado e xestionado polo Concello de Poio. A inscrición neste prodúcese tras obter a licenza municipal de apertura do local e inicio da actividade. A alta no rexistro municipal, farase de oficio. O Rexistro municipal de furanchos conterá, ademais dos datos sinalados no Anexo IV do Decreto 215/2012 de 31 de outubro, os seguintes:M2 de superficie do viñado ,por que titulo explota as viñas,telefono/fax/correo electrónico

#### ***TÍTULO VI: Réxime Sancionador.***

##### **CAPÍTULO I: Vixianza, control e Inspección dos furanchos.**

**Artigo 16º.-** O Concello no exercicio exclusivo das súas competencias, vixiará o cumprimento dos requisitos para exercer a actividade regulada nesta Ordenanza e no Decreto 215/2012. Tendo en conta que unha actuación que non sexa da súa competencia podería ser nula de pleno dereito por incompetencia material [artigo 62.1 b) da Lei 30/1992 de 26 de novembro) cando o Concello de Poio reciba denuncia ou reclamación, comprobara, se esta ,esta, dentro da súa competencia material. En caso negativo, darase traslado á Comunidade Autónoma (administración ou órgano competente)

**Artigo 17º.-** As persoas titulares dos loureiros que incorran en intrusión profesional porque exercen unha actividade reservada pola normativa turística a bares, restaurantes ou cafeterías (oferta de bebidas distintas ao excedente de viño, oferta de pratos, racións, bocadillos, servizo de comidas por encargo, etc.) a inspección, control e sanción é competencia da Administración autonómica.

**Artigo 18º.-** O incumprimento doutras normas para as que non sexa competente o Concello (normativa sanitaria de locais, alimentos, tabaquismo, que constitúan infracción administrativa en materia de sanidade) A inspección, control e sanción será competencia da Administración autonómica.

##### **CAPÍTULO II: Procedemento Sancionador**

**Artigo 19°.-** O incumprimento desta Ordenanza, dará lugar á aplicación da normativa no ámbito das competencias propias deste concello. Os titulares das licenzas serán responsables das infraccións que se cometan.

**Artigo 20°.-** O procedemento para a incoación de expediente sancionador será o regulado no procedemento administrativo común. Se a administración municipal considera que a competencia é doutra administración, comunicarllo podendo adoptar medidas cautelares se o considerase necesario.

### **CAPÍTULO III: Infraccións e sancións.**

#### **Artigo 21°.- Infraccións leves**

Considéranse infraccións administrativas de carácter leve as seguintes:

- a) Non presentar a solicitude de reapertura e fin da actividade ca antelación que indica a Ordenanza .
- b) Utilizar para a realización da actividade, distinto, ou mais espacio do que ten aprobado na correspondente licenzia do local
- c) Non respectar o horario indicado na Ordenanza
- d) Ter instalado calquera tipo de aparato reprodutor de imaxe ou sonido no local

#### **Artigo 22°.- Infraccións graves**

Considéranse infraccións administrativas de carácter grave as seguintes:

- a) O incumprimento ou modificación do período de apertura ou peche sen presentar solicitude de reapertura ou unha nova solicitude ao Concello.
- b) A venda de viño que non proceda dos viñedos sitos en Poio, a que non proceda directamente dos barrís que estean situados no local, adega ou almacén que dispón de licenzia de apertura
- c) A negativa ou resistencia a subministrar os datos ou facilitar a obtención de información requirida polas autoridades municipais ou os seus funcionarios na orde e exercicio das súas funcións de vixilancia e control do establecido nesta ordenanza
- d) A comisión nun ano ( no período de apertura do Furancho ) de mais dunha falta leve

#### **Artigo 23°.- Infraccións moi graves**

A comisión nun ano ( no período de apertura do Furancho ) de mais dunha falta grave

#### **Artigo 24°.- Sancións.**

- a) Por faltas leves: de 1 a 100 euros
- b) Por faltas graves: de 100 a 250 euros.
- c) Por faltas moi graves de 250 a 500 euros , podendo proceder o peche do establecemento no ano da comisión das faltas

## **Artigo 25º.- Gradación de sancións.**

Terase en conta para a gradación das sancións a reiteración, a intencionalidade, os prexuízos ocasionados e a transcendencia social.”.

Consta no expediente informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2013, no que se da conta de determinadas incidencias que ao seu xuízo deberán ser solventadas con carácter previo á probación do proxecto de ordenanza, o que se deu traslado aos concelleiros para o seu coñecemento.

Toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián explicando o contido da ordenanza reguladora de furanchos que trata de adecuarse ás demandas dos furancheiros onde se recolleron as súas demandas, hai cousas onde pedían máis pero nos consideramos que son adecuados (por exemplo a superficie mínima para a venta do excedente de viño).

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o texto da ordenanza reguladora de furanchos e os seus anexos adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora dos furanchos/loureiros no Concello de Poio e os seus anexos.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Taboleiro de Anuncios e de non formularse alegación ningunha esta entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites procedentes no expediente.

3865.- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN ALEXANDRE BÓVEDA SOBRE REHABILITACIÓN PÚBLICA E POLÍTICA DA FIGURA DE ALEXANDRE BÓVEDA ASÍ COMO INSTITUCIONALIZACIÓN DO 17 DE AGOSTO COMO O DÍA DA GALIZA MÁRTIR.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes na súa sesión ordinaria realizada o 09 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “**4.- Adhesión á petición da Fundación Alexandre Bóveda.**

**“A Concelleira de Cultura, Dna. Silvia Díaz Iglesias, presenta á comisión de cultura a seguinte proposta:**

Adhesión do Concello de Poio á petición que a Fundación Alexandre Bóveda formula ao Parlamento de Galiza sobre a rehabilitación pública e política da figura de Alexandre Bóveda Iglesias, e de institucionalización do 17 de agosto como “Día de Galiza Mártir”

Nos termos que se recollen na solicitude rexistrada con data 3 de

outubro de 2013 e nº de rexistro 5515 que xuntamos ao expediente. Poio, 3 de outubro de 2013, e se transcribe deseguido:

"A Fundación Alexandre Bóveda, con CIF nº G-36127918, a iniciativa do seu Secretario, Don Valentín García Bóveda, con ....

EXPÓN:

Que no exercicio do Dereito de Petición, recollido no artigo 29 da Constitución Española e ampliado na Lei Orgánica 4/2001, do 12 de Novembro, formula a seguinte petición para o seu tratamento na Xunta de Goberno do Concello de Poio.

Ao abeiro do disposto na lexislación vixente, instamos ao Concello:

-A emitir unha comunicación institucional de apoio á petición que formulamos ao Parlamento de Galiza sobre a rehabilitación pública e política da figura de Alexandre Bóveda Iglesias, e da institucionalización do 17 de agosto como "Día de Galiza Mártir", para que o Parlamento de Galiza cumpra o seu acordo plenario do 26/12/2006 [nº 07/PNP-0165 (9078)] publicado no BOPG nº 310, do 03/03/2007.

- A que a Corporación, ben no seu conxunto, ben cada un/ha dos/as seus/súas membros individualmente, se adhira á subscrición da petición formulada ao Parlamento de Galiza, que remitimos como anexo.

- A habilitar un espazo no taboleiro de anuncios e/ou na páxina web da institución para que a cidadanía poida adherirse tamén á petición que formulamos ao Parlamento de Galiza, se así o desexar.

A estes efectos, indicamos a dirección web onde se pode subscribir a petición de referencia: [http://www.change.org/es/peticiones/parlamento-de-galiza-institucionalización-do-17-de-agosto-como-d%C3%ADa-da-galiza-mártir.](http://www.change.org/es/peticiones/parlamento-de-galiza-institucionalización-do-17-de-agosto-como-d%C3%ADa-da-galiza-mártir)

Pontevedra, 17 de agosto de 2013. Asdo. Valentín García Bóveda. Secretario da Fundación Alexandre Bóveda.

A Sr. Alcalde do Concello de Poio ( Pontevedra). "

Anexo ( petición formulada ao Parlamento de Galiza)

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeira vez que os dereitos e liberdades nacionais do pobo galego foron recoñecidas xurídica e politicamente incardináronse dentro do marco constitucional da II República española, coa abrumadora maioría social que permitiu plebiscitar o Estatuto de Autonomía galego o 28 de Xuño de 1936.

Poucas semanas máis tarde produciuse a sublevación violenta dun segmento das forzas armadas do Estado español, instigada e apoiada por sectores reaccionarios e organizacións políticas paramilitares de ideoloxía fascista, contra do réxime constitucional da IIa República e do seu lexítimo goberno, saído das eleccións democráticas celebradas en Febreiro do mesmo ano de 1936; gañadas polo Frente Popular.

Logo desa sublevación anticonstitucional e antidemocrática, milleiros de cidadáns e cidadás, galegos e galegas, nacionalistas ou non; mais demócratas en todo caso, e todos e todas leais e fieis ao réxime constitucional republicano, ás liberdades democráticas vixentes e máis ao



Estatuto de Autonomía de Galiza xa plebiscitado, foron asasinados/as sen xuízo previo ou executados/as por sentenzas de tribunais títeres das forzas sublevadas. Outros/as, coñecidos/as popularmente como fuxidos/as, pasaron á resistencia armada na guerrilla antifranquista e foron perseguidos/as durante décadas até o seu completo exterminio. Moitos/as máis aínda padeceron o exilio e, nel, seguiron a loitar polo restablecemento das liberdades individuais e colectivas do pobo galego e pola reconstitución dun réxime democrático en Galiza e no Estado español.

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, figura emblemática para todas as persoas que seguiron a loitar por esa causa no exilio até a súa morte, inmortalizou simbolicamente no seu álbum "Galicia Mártir" a todas as vítimas da represión fascista en Galiza durante a Guerra de España. A máis representativa delas á súa vez, a quen Castelao adicou o seu testamento político, o libro "Sempre en Galiza", e máis a quen el ergueu á categoría de símbolo de todas no seu descurso "Alba de Gloria", foi Alexandre Bóveda Iglesias, dirixente do Partido Galeguista, vítima dun proceso irrisorio e aldraxante en Pontevedra e fusilado na Caeira o 17 de Agosto de 1936.

Na citada colección de estampas existe unha que foi enormemente difundida, coñecida e comentada, que se denomina "A derradeira lección do mestre" da que os/as coetáneos/as de Castelao, os/as seus/súas colaboradores/as, persoas que coñeceron e que mesmo estiveron ao pé del nos momentos nos que éste compuxo o álbum, afirmaban que a persoa que xace morta no chan ten a faciana e os trazos exactos de Bóveda.

Castelao fíxolle así unha primeira homenaxe a un home cristián e crente que á hora de tomar unha decisión entre as súas crenzas individuais, aplicadas miméticamente aos esquemas ideolóxicos, sociais e políticos da época, ou a lealdade ao seu país, optou por manterse fiel ao insobornábel compromiso político de liberdade da súa Patria.

Bóveda fixo da Vila de Pontevedra un escenario privilexiado para desenvolver os seus proxectos. Alí uníronse Castelao e Bóveda e xuntos participaron de andainas sociais, culturais e políticas nunha das etapas máis fecundas da historia da cidade capitalina: fixeron parte da Coral Polifónica; colaboraron no proxecto reformista de Daniel de la Sota -Presidente da Deputación de Pontevedra-, do que xurdirían empresas de longo percorrido coma o Museo de Pontevedra, a Misión Biolóxica de Galiza -dirixida por Cruz Gallástegui Unamuno-, as Pensións Artísticas da Deputación -que deron unha extraordinaria xeración de artistas-, mais sobre todo a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, obra persoal dun novísimo Alexandre Bóveda, que en 1930 foi nomeado primeiro Director da institución con tan só 26 anos.

Alexandre Bóveda, xunto a Lois Tobío, Carvalho Calero e Vicente Martínez-Risco, foi o vertebrador do Anteprojecto de Estatuto que elaborou o Seminario de Estudos Galegos; defendéndoo na decisiva Asemblea de Concellos celebrada en Compostela do 17 ao 19 de Decembro de 1932, e asumindo a responsabilidade e a tarefa histórica de impulsar o laborioso proceso de aprobación do propio texto estatutario, culminado finalmente co apoio cidadán maioritario no referendo do 28 de Xuño de 1936.

Logo do levantamento militar fascista de Xullo de 1936, Bóveda foi xulgado no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Pontevedra e, acusado de traizón, foi condenado a morte; cumpríndose a sentenza co seu

fusilamento na mañá do 17 de Agosto de 1936 na Caeira (Poio). Esta condena a morte e o posterior asasinato de Alexandre Bóveda constitúen unha inxustiza histórica que debe ser reparada mediante a recuperación e a rehabilitación institucional da súa figura, así como a divulgación do seu inxente traballo a favor da causa da liberdade, da democracia e do progreso de Galiza.

Nos últimos anos sucedéronse distintos acordos institucionais que tiñan como obxectivo o recoñecemento da figura humana e política de Alexandre Bóveda: a homenaxe institucional do Concello de Poio, o nomeamento por aclamación como Fillo Predilecto de Ourense, adoptado na Corporación Provincial ourensá, e máis recentemente o nomeamento de Fillo Adoptivo da Cidade de Pontevedra, xunto coa concesión da medalla de ouro de Pontevedra, polo que, con esta petición, demandamos do Parlamento de Galiza que honre a todas as persoas mártires da liberdade na Historia do pobo galego, institucionalizando como Día da Galiza Mártir o 17 de Agosto, cabodano da morte de quen Castelao converteu en símbolo de todas elas, o cidadán galego Alexandre Bóveda Iglesias, e máis a rehabilitación pública e política do propio Bóveda e de todos/as os/as mártires da liberdade que él mesmo simboliza na memoria histórica e democrática do noso pobo.

O Parlamento é a Cámara de representación de todos os galegos e galegas e, daquela, demandamos dela que recoñeza a Bóveda e a todos/as os/as mártires galegos, como unha institución que represente verdadeiramente ao noso pobo, na referencia aos valores humanos e democráticos que fican mentados.

Por todo o anterior, ao abeiro do disposto no Artigo 4.1 da Lei Orgánica 4/2001, de 12 de Novembro, reguladora do Dereito de Petición, instamos ao Parlamento de Galiza:

.- A declarar e instituír como "Día da Galiza Mártir" o día 17 de Agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional na Comunidade Autónoma de Galiza e xornada non laborábel no seu ámbito territorial, en memoria e homenaxe de todos/as os/as cidadáns e cidadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no lo Estatuto de Autonomía de Galiza, plebiscitado o 28 de Xuño de 1936.

.- A incoar a revisión do proceso seguido e condena a morte ditada contra

o  
dirixente do Partido Galeguista, Alexandre Bóveda Iglesias, por un tribunal das ~~forzas~~ forzas antidemocráticas sublevadas contra do réxime constitucional da II República española, e executada en Poio o día 17 de Agosto de 1936.

.- A rehabilitar, de xeito institucional, pública e politicamente a figura de Alexandre Bóveda Iglesias e, simbólicamente expresada nela, a de todos/as os/as cidadáns e cidadás mortos/as en Galiza, a partires de Xullo de 1936, en defensa da mesma causa pola que foi executado Bóveda.

.- A promover institucionalmente a celebración de actos protocolares da devandita rehabilitación pública e política para o primeiro "Día da Galiza Mártir" que se conmemore.

Pontevedra, 17 de Agosto do 2013. Asdo. Valentín García Bóveda. Secretario da Fundación Alexandre Bóveda.""

Exposta a petición pola Presidenta, o voceiro do PP, Angel Moldes indica que xa coñecen a petición e que están de acordo en que de divulgue a figura de Alexandre Bóveda, tal e como lle expresaron aos membros da Fundación nunha reunión mantida con eles a este respecto.

Destaca a súa preocupación de que sexa unha petición pechada, porque dela se deduce que habería que eliminar un festivo para crear outro, neste caso o solicitado 17 de agosto, e ¿cal sería o eliminado?, sen dúbida, se crearán conflitos de intereses; por tal motivo, o PP de Poio manifestou á Fundación o seu interese de que trate con tódolos grupos parlamentarios para consensuar este punto, e/ou modificalo se procede.

A Presidenta somete a votación a petición da Fundación Alexandre Bóveda nos seus términos sendo aprobada por 5 votos a favor ( 4 BNG + 1 PSOE ) e 3 abstencións (3 PP).”.

A continuación pola Secretaria da sesión procede a dar lectura á emenda ao ditame da comisión informativa asinada polos voceiros dos tres grupos políticos municipais e que di o seguinte: “Os portavoces dos tres grupos municipais do Concello e Poio BNG, PSOE e PP ao respecto da solicitude de apoio á petición da Fundación Alexandre Bóveda recibida no rexistro municipal con data 3 de outubro de 2013 e nº de rexistro 5515 que foi tratada na comisión informativa de educación, cultura e deportes do 9 de outubro e de cara ao seu debate e aprobación na sesión plenaria da corporación municipal do 29 de outubro ACORDAN facer unha emenda de supresión ao texto dictaminado sobre a petición no primeiro punto dos acordos (pax. 4) eliminando “e xornada non labórel no seu ámbito territorial” quedando o texto como segue: 1º.- A declarar e instituír como “Día da Galiza Mártir” o día 17 de agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional na Comunidade Autónoma de Galiza, en memoria e homenaxe de todos/as os/as cidadáns e cidadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vicente, no 1º Estaturo de Autonomía de Galiza, plebiscitado o 28 de xuño de 1936.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de aprobou a solicitude de apoio á petición da Fundación Alexandre Bóveda coa emenda presentada polos tres grupos políticos adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar e instituír como “Día da Galiza Mártir” o día 17 de Agosto de cada ano, con carácter de celebración nacional na Comunidade Autónoma de Galiza, en memoria e homenaxe de todos/as os/as cidadáns e cidadás galegos/as que deron a súa vida ou padeceron o exilio por defenderen as liberdades e dereitos democráticos e nacionais do pobo galego, plasmados dentro do marco constitucional daquela vixente, no 1º Estatuto de Autonomía de Galiza, plebiscitado o 28 de Xuño de 1936.

**Segundo:** Incoar a revisión do proceso seguido e condena a morte ditada contra o dirixente do Partido Galeguista, Alexandre Bóveda Iglesias, por un tribunal das forzas antidemocráticas sublevadas contra

do réxime constitucional da II República española, e executada en Poio o día 17 de Agosto de 1936.

**Terceiro:** Rehabilitar, de xeito institucional, pública e politicamente a figura de Alexandre Bóveda Iglesias e, simbólicamente expresada nela, a de todos/as os/as cidadáns e cidadás mortos/as en Galiza, a partires de Xullo de 1936, en defensa da mesma causa pola que foi executado Bóveda.

**Cuarto:** Promover institucionalmente a celebración de actos protocolares da devandita rehabilitación pública e política para o primeiro "Día da Galiza Mártir" que se conmemore.

3866.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA EXIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DO 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes na súa sesión ordinaria realizada o 09 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "A Presidenta da Comisión e portavoz do grupo municipal do BNG, presenta para a tramitación nesta Comisión a Moción do BNG, que a continuación se transcribe: "MOCIÓN PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego do Concello de Poio, desexa someter a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís...), que esta afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís ...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que

293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO

Exixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.

Despois da deliberación por parte dos asistentes, sométese a votación a Moción antedita, ofrecendo un resultado de 5 votos a favor (4 BNG+ 1 PSOE) e 3 votos en contra ( 3 PP), pasando a mesma a tramitación do Pleno da Corporación."

Toma a palabra a Concelleira Delegada de Benestar Social, Sra. Salgueiro Piñeiro explicando os motivos polos que se presenta a moción baseándose principalmente nos grandes recortes que está a realizar á Xunta de Galicia en materia social, e no que respecta aos servizos sociais co Servizo de Axuda no Fogar que tratándose dunha competencia propia exclúe a aqueles concellos de mais de 20.000 habitantes na prestación deste servizo e a pesar que asinamos convenio coa Deputación este non cubre o custe por iso queremos instar á Xunta de Galicia para que asuma as súas competencias establecidas por decreto e se doten nos orzamentos as cantidades necesarias que permitan prestar un servizo de calidade aos usuarios.

A Sra. Besada Lores toma a palabra e manifesta que o Grupo Municipal Socialista apoia a moción presentada xa que desde hai uns anos estamos asistindo a un trasbase de competencias ás Deputacións e aos Concellos estáselle a sacar competencias pero aínda así consideramos que as necesidades non están cubertas.

O Sr. Moldes Martínez, voceiro do Grupo Municipal Popular

manifesta que van a votar en contra fundamentalmente porque consideran que existe unha mala interpretación do papel da Xunta; o servizo é asumido polas Deputacións naqueles concellos de menos de 20.000 habitantes e nos de máis pola Xunta de Galicia. Pero aquí realmente non sabemos se o que lle preocupa ao BNG é de onde veñen os cartos, pero creo que lle temos que agradecer moito á Deputación polos investimentos que realiza en Poio.

Toma a palabra o Sr. Alcalde que explica que realmente si se están creando duplicidades con estas novas fórmulas de transferir os fondos á deputación para logo esta repartir. O dobre xogo créao o PP cando nas asembleas da FEGAMP votan en contra da lei de administración local e cando chegan a Madrid votan a favor.

Por outra banda, destacar que a Deputación Provincial de Pontevedra en Poio non inviste máis do que por lei nos corresponde coas achegas dos plans provincias.

A Sra. Besada Lores di que non se trata de discutir se estamos a favor ou en contra das deputacións provinciais o que queremos é que o noso Concello reciba as mesmas cantidades veña de quen veña e que non se fagan diferenciacións á hora de facer achegas porque hai concellos que reciben o 100% das axudas e nos tendo actuacións que realizar en estradas da Deputación temos que aportar o 50% , queremos o mesmo trato para a veciñanza de Poio.

Toma a palabra o Sr. Martínez Blanco manifestando que lle sorprende a intervención do voceiro do Grupo Popular, xa que normalmente limitábase a votar, pero como na sesión de hoxe hai público a cousa cambia.

A Deputación hai que irlle a pedir de favor que realice investimentos que non veñen obrigados por lei.

Estas están endebedadas e non recadan o único que fan é distribuír e malgastar e as asociacións deben ir pola porta de atrás a pedir.

Intervén o Voceiro do Grupo Municipal do PP, o Sr. Moldes Martínez en alusión ás manifestacións realizadas polo Sr. Martínez Blanco, manifestando que as únicas aportacións que realiza son para descalificar.

En realización ás obras noutros concellos ou investimentos, non nos corresponde a nos defender pero creo que non tendes toda a información en relación coa distribución dos fondos. Cando queiran mellorar as beirarrúas as beirarrúas en Campelo falen cos veciños para tramitar un convenio.

O PP está a favor totalmente das deputacións e por moito tempo.

O Sr. Alcalde quere invitar publicamente ao Sr. Martínez Moldes para concertar unha reunión co Sr. Louzán co fin de verificar os termos

do convenio no que se refire ás aportación do convenio xa que está no 30% e non no 50%.

Rematada a deliberación do asunto, sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Cultura esta quedou aprobada por 9 votos a favor (7BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención esta queda aprobada adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Exixir do Goberno da Xunta de Galicia a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

**Segundo:** Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.

3867.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo BNG de data 9 de outubro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 9 de outubro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: "1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país. 3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado."

O Sr. Barreiro Lubian explica o contido da moción indicando que se trata dun novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas. Trátase dunha nova volta de rosca que supón unha carga moi importantes á economía de moitas persoas.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. "

Toma a palabra o Sr. Martínez Blanco manifestando que nos atopamos ante unha nova esixencia do Sr. Rajoy e que ten que decidir a Xunta, un copago ou recopagamento máis, esta medida fai retroceder en todas os avances conseguidos e afecta en aquelas persoas con doenzas crónicas tendo que pagar nas farmacias e se isto fora pouco, cada dous por tres emiten publicacións na que sacan medicamentos da financiación da Seguridade Social. O que está a facer o PP é subir impostos a través dos recortes.

A Sra. Besada Lores di que o seu Grupo Municipal van a votar a

favor porque son medidas que afectan de forma grave á cidadanía en xeral e de por vida, pero non deixa de ser curioso cando o PP critica unha subida de impostos municipais de 3 € de forma anual.

O Sr. Moldes Martínez explica que a abstención do seu grupo municipal basease fundamentalmente polo descoñecemento da aplicación desta medida en Galicia.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas a que queda aprobada por 9 votos a favor (7BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

**Segundo:** Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país.

**Terceiro:** Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado.

3868.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A DESESTIMAR E NON LEVAR A CABO A EFECTO A PROPOSTA DE REFORMA DE LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA FEITA PÚBLICA NA PÁXINA WEB DO MINISTERIO DE XUSTIZA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo PSG-PSOE do mes de outubro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de outubro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: 1.- Desestimar e non levar a efecto as propostas de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e a Lei Orgánica do Poder Xudicial feita pública na páxina Web do Ministerio de Xustiza. 2.- Presentar unha nova proposta de reforma na que na súa elaboración e contido: Téñanse en conta as distintas competencias que concorren. E a opinión dos CC.AA., tal e como expresa a Constitución Española e o art. 35 da LOPJ. Mantéñase a demarcación e planta vinculada aos territorios, con partidos xudiciais como estrutura territorial dos Tribunais de Instancia mantendo de esta forma os partidos xudiciais e suprimindo que o seu ámbito territorial sexa provincial. Deixando sen efecto a recentralización que leve a cabo nas capitais de provincia. Manteña as Audiencias Provinciais e os Xulgados de Paz para evitar o afastamento e a concentración da administración de xustiza tan contraria aos intereses dos cidadáns, e buscando o consenso nas novas demarcacións, como poder ser os tribunais de base ou primeiro grao. 3.- Implantar os Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno despregamento da nova oficina xudicial, co fin de garantir o completo desenvolvemento dos servizos comúns procesuais e axilizar a xustiza, mellorando o servizo



público.”

O Sr. Agís Gómez explica o contido da moción e indica que a problemática que conleva esta nova medida é que, por exemplo, a un Sr. de Lalín pódelle tocar en Vigo.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 2 votos en contra do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra o Sr. Agís Gómez explicando o contido da moción na que se expoñen claramente os motivos polos que se presenta a moción xa que o PP coas medidas que vai adoptar e que se deron a coñecer no borrador na que se suprimen partidos xudiciais, xulgados de paz...

O Sr. Barreiro Lubián explica que o seu grupo está a favor da moción porque claramente o que se pretende é segregar á cidadanía con cidadáns de primeira e de segundo, dependendo do bolsillo que se teña.

Rematadas as intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 9 votos a favor (7 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**: Desestimar e non levar a efecto as propostas de reforma da Lei de Demarcación e Planta Xudicial e a Lei Orgánica do Poder Xudicial feita pública na páxina Web do Ministerio de Xustiza.

**Segundo**: Presentar unha nova proposta de reforma na que na súa elaboración e contido: Téñanse en conta as distintas competencias que concorren. E a opinión dos CC.AA., tal e como expresa a Constitución Española e o art. 35 da LOPJ. Mantéñase a demarcación e planta vinculada aos territorios, con partidos xudiciais como estrutura territorial dos Tribunais de Instancia mantendo de esta forma os partidos xudiciais e suprimindo que o seu ámbito territorial sexa provincial. Deixando sen efecto a recentralización que leve a cabo nas capitais de provincia. Manteña as Audiencias Provinciais e os Xulgados de Paz para evitar o afastamento e a concentración da administración de xustiza tan contraria aos intereses dos cidadáns, e buscando o consenso nas novas demarcacións, como poder ser os tribunais de base ou primeiro grao.

**Terceiro**: Implantar os Tribunais de Instancia simultaneamente co pleno despregamento da nova oficina xudicial, co fin de garantir o completo desenvolvemento dos servizos comúns procesuais e axilizar a xustiza, mellorando o servizo público

3869.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O REXEITAMENTO A ACTOS TERRORISTAS LEVADOS A CABO POR RESISTENCIA GALEGA.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta da moción presentada polo P.P. que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de outubro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da

Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " 1.- Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega. 2.- Solidarizámonos coas vítimas dos atentados terroristas e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos. 3.- Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos."

O Sr. Moldes Martínez di que con esta moción se condena a todo tipo de actos terroristas e en especial os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.

O Sr. Barreiro Lubián di que o BNG rexeita calquera tipo de violencia pero que existe outra como a do Presidente do Goberno de España e os pactos de goberno que se fixeron.

O Sr. Agís Gómez di que o PSG-PSOE condena tamén a violencia pero gustaríalle que o P.P. Condenara tamén a violencia franquista e fascista.

A Comisión por 3 votos a favor (1 PSOE 2 PP), ningún voto en contra e 4 abstencións do BNG acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

O Sr. Barreiro Lubián di que o seu grupo vaise abster porque o problema que se plantexa é Resistencia Galega non o rexeitamento aos actos terroristas pero ninguén esquece actos presidenciais a favor de guerras inventando patrañas, pero en todo caso, en Galicia non hai apreciación de actos violentos, estamos ante unha moción oportunista para desviar outros temas máis importantes, creamos problemas para negar outros.

A Sra. Besada Lores di que o grupo socialista está en contrata de todos os actos terroristas, veñan de quen veñan, poderíase consensuar un texto neste sentido.

O Sr. Moldes Martínez di que non teñen complexos en condear actos de agrupacións declaradas terroristas e non hai que consensuar ningún texto, non retiran o que presentaron e se non hai debate procédese a súa votación.

Rematada a quenda de intervencións sométese á votación o ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado por 8 votos a favor (6 PP e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 BNG adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro**: Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.

**Segundo**: Solidarizámonos coas vítimas dos atentados terroristas e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos.

**Terceiro**: Rexeitamos calquer tipo de acción ou declaración que

xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos

3870.- PATRIMONIO, APROBACIÓN EXPEDIENTE DESAFECTACIÓN ESCOLA INFANTIL DE ALBAR.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 21 de outubro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: " Dáse conta do expediente, da Providencia da Alcaldía de data 20 de setembro de 2013 sobre inicio expediente de alteración da cualificación xurídica de desafectación do ben inmovible destinado a Escola de Educación Infantil sito en Rúa Albar núm. 7 converténdose o ben inmovible de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial, do informe da Secretaría de data 18 de outubro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 18 de outubro que, textualmente, di o seguinte: " Iniciado mediante providencia da Alcaldía de data 20 de setembro de 2013 o expediente para a desafectación do ben inmovible cunha superficie construída de 49 m/2 ubicado nunha parcela de superficie total de 166 m/2 (segundo Certificación descritiva e gráfica cunha superficie construída de 63m/2 e superficie de solo 113 m/2, referencia catastral 6887723NG2968N0001TX), sito en rúa Albar, 7 do lugar de Albar da parroquia de San Xoán, con cualificación xurídica de ben de servizo público, inscrito no Libro de Inventario de Bens da Corporación Local, asento 46 (alta no inventario segundo documento de compra de 24 de decembro de 1955) e destinado a escola infantil e actualmente en desuso por supresión segundo o artigo 2 Anexo III da Orde do 30 de xullo de 2013, pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta Consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial publicada no DOG do 08 de agosto de 2013.

Emitido informe xurídico pola Secretaria Xeral con data 18 de outubro de 2013 e estando xustificado o cambio de cualificación xurídica do referido inmovible, xa que deixou de ser necesario para o desenvolvemento do servizo público da ensinanza por supresión da unidade pola Consellería de Educación, polo que podería ser destinado para realizar actividades socio culturais, de formación, benestar ou xuventude que den resposta ás necesidades á veciñanza do lugar xa que na zona non hai ningún outro local municipal para o uso e impartición de actividades, finalidade que redunda en beneficio dos habitantes do lugar así como do termo municipal.

Á vista da documentación que obra no referido expediente propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o inicio do expediente de desafectación do seguinte ben inmovible:

Superficie total; 166 m/2

Localización: Rúa Albar, 7

Referencia Catastral: 6887723NG2968N0001TX

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de emitir a autorización correspondente.

**Terceiro:** De conformidade co establecido no artigo 8 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais expoñer o expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Cuarto:** De non presentarse alegación ningunha contra o mesmo, no prazo de información pública, entenderase aprobado definitivamente."

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, o que supón a maioría absoluta, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o inicio do expediente de desafectación do seguinte ben inmovible:

Superficie total; 166 m/2

Localización: Rúa Albar, 7

Referencia Catastral: 6887723NG2968N0001TX

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de emitir a autorización correspondente.

**Terceiro:** De conformidade co establecido no artigo 8 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais expoñer o expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Cuarto:** De non presentarse alegación ningunha contra o mesmo, no prazo de información pública, entenderase aprobado definitivamente

MOCIÓNS URGENTES.- Non se producen.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Polo Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o Sr. Moldes Martínez fórmulanse as seguintes preguntas:

Primeiro.- Respecto da Feira de Mostras, que se realizou no mes de Xullo en Combarro, pregunta se se realizou algún ingreso.

Segundo.- Respecto das obras de Acuaes e o plan de tráfico, pregunta se desde o Concello de Poio se consentiu o corte de entrada na Ponte da Barca.

En relación, á primeira pregunta, polo Concelleiro Delegado de Turismo, o Sr. Martínez Blanco dille ao voceiro do Grupo Municipal do PP que, se non ten inconveniente ningún, contestaráselle por escrito así como xuntaráselle a documentación xustificativa.

En relación á segunda pregunta, toma a palabra o Sr. Alcalde e explica que debido ás obras que se están a executar na PO 308 e desde o tramo da rotonda de Andurique, pola Consellería elaborouse un plan de

tráfico consensuado coa empresa, do que no nos deron traslado. A proposta consistía en que polo desvío que se habilitara pola Caeira transcorrese o menos tráfico pesado posible e que este se desvíase pola estrada de Vilagarcía e acceso norte, falándose coas empresas de Poio que teñen este tipo de vehículos.

Trátase dunha medida única mentres duren as obras e a nosa idea é que cando rematen as obras se volva abrir o tráfico.

O noso operativo comunicouse ao Concello de Pontevedra e a esta preocupáballe a Ponte da Barca para entrar na cidade o que suporía un colapso.

A nosa postura é abrir a avenida da Barca para que funcione en dobre sentido.

Nos defendemos o traslado do nudo de bombeiros para que flua o tráfico coas actuacións correspondentes como pode ser o cambio do punto de acceso á autopista.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.